

## ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE RECIMIL DO DÍA 4 DE MAIO DE 2016

No salón de actos do CIFP Ferrolterra, situado na rúa Ramón y Cajal s/n, Ferrol, sendo as 19:30 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio de Recimil cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Olalla López Barro da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	99	Nº de homes:	49
		Nº de mulleres:	50

### Desenvolvemento da sesión:

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación da a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Olalla López Barro da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

En primeiro lugar procedese a escoller os representantes de Recimil tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Dase conta á asemblea das candidaturas que se presentaron con anterioridade á celebrarse esta e que foron as seguintes:

CANDIDATURAS VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO	
A título inividual	Fernández López, Pedro. Silveira Lampón, María Jesús
En representación de entidades	Sen candidatura

CANDIDATURAS REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA
Antón Riquelme Juan José Caselas Pérez Jesús Ignacio Fernández López Pedro Giménez Jiménez, Cándido Silveira Lampón, María Jesús

Dado que non existía ningunha candidatura para a vicepresidencia da asemblea de barrio en representación das entidades, presentase voluntario para ocupar este posto neste momento Cándido Giménez Iiménez (AVV O Pilar de Recimil), non sendo preciso neste apartado realizar votación pois so hai unha candidatura.

Procedese a efectuar a votación para a elección do resto de cargos acadándose os seguintes resultados:

<b>RESULTADOS DAS VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DAS VICEPRESIDENCIAS DA ASEMBLEA DE BARRIO</b>	
A título inividual	Fernández López, Pedro. (71 votos). Silveira Lampón, María Jesús (2 votos). Nulos (17 votos). Branco (3 votos).

<b>RESULTADOS DAS VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA</b>
Antón Riquelme Juan José (70 votos) Caselas Pérez Jesús Ignacio (79 votos) Fernández López Pedro (8 votos) Giménez Jiménez Cándido (7 votos) Silveira Lampón María Jesús (1 voto) Nulos (4 votos)

As persoas elexidas para ocupar os cargos son por tanto as seguintes:

<b>VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO</b>	
A título inividual	Fernández López Pedro
En representación de entidades	Giménez Jiménez Cándido (AVV O Pilar de Recimil)

<b>REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA</b>
Caselas Pérez Jesús Ignacio
Antón Riquelme Juan José

A continuación presentase á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as achegas que estimen oportunas, polo que este documento queda pendente da súa aprobación ata a

vindeira asemblea de barrio.

Por último iniciase un debate entre todos os asistentes para recoller aqueles temas de tipo xeral que preocupan nestes momentos aos veciños e veciñas de Recimil e que a modo de resumo son os seguintes:

- Solución aos problemas de humidades e goteiras nas vivendas.
- Plan de futuro do barrio.
- Proponse subir os alugueres 20 euros para o mantemento dos edificios.
- Demándase do Concello feitos concretos e non que so se movan so por determinados intereses en cada momento.
- Unha das persoas asistentes suxire que aínda que non se poden crear unha comunidade de propietarios en cada inmovible, o Concello podería cobrar 15 € ao mes para o mantemento dos edificios. Que o Concello constituía unha comunidade de propietarios tutelada polos veciños/as
- Solicítanse puntos de acceso Wifi para o barrio.
- Solicítase do Concello que facilite o acceso á propiedade das vivendas.
- Solicítase do Concello que proceda a regularizar dunha vez a situación destas vivendas.

Nesta rolda de intervencións unha das persoas asistentes manifesta que considera que non se deu suficiente publicidade a esta asemblea e polo tanto considera que a elección dos representantes está viciada.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 20:50 horas.

O concelleiro delegado da área de  
Participación, Novas Tecnoloxías  
e Normalización Lingüística

O traballador municipal

Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro